

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Expte 15925-333

De acordo coa resolución do concelleiro-delegado de Deportes de data 17 de marzo de 2017, procédese a anunciar a seguinte contratación a través do procedemento de contrato menor de obras:

# ANUNCIO

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vigo.
2. Dependencia que tramita o expediente: Concellería de Deportes.
3. Nº expediente: 15925-333.
4. Titulo do expediente: CONTRATO MENOR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL PARA ADESTRAMENTO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO C.F. RELFAS-SÁRDOMA.
5. Obtención de documentación e información: Concellería de Deportes do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n 36202 Vigo, 10º andar, teléfono 986-810154.
6. Correo electrónico: [concelleriadeportes@vigo.org](mailto:concelleriadeportes@vigo.org)
7. Dirección de internet do perfil do contratante: [www.vigo.org](http://www.vigo.org).
8. Presentación de ofertas: a documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións poderán ser presentadas tamén por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, correo electrónico ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

9. Data límite de presentación: establécese como data límite para a presentación de ofertas, o luns 3 de abril ás 13.30 horas.

10. Forma de presentación das ofertas:

O licitador deberá presentar en un único sobre pechado que poderá ser lacrado e precintado. No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:

- Deberá indicar “proposición económica”. Número de expediente e titulo do expediente o que conorra.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, o seu número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

O sobre coa proposición económica deberá conter a seguinte documentación:

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura de constitución da entidade ou calquera outro documento análogo que poda substituíla noutros casos, na que se reflecta o seu obxecto social no que debe de estar incluída a execución de obras como a proxectada.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2017 13:20

Páxina 1 de 4

Expediente 15925/333

Código de verificación: 2EE54-52E5C-ACADD-3B33A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Expte 15925-333

- Copia do documento acreditativo da representación, cando a proposición on este asinada polo participante, e copia do DNI, do apoderado ou apoderados.
  - Declaración responsable formulada por quen asine a proposición na que se faga constar expresamente que o licitador non se atopa comprendido en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 60 do TRLCSP, e tanto coa Facenda do Estado, como da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo, e da Seguridade social impostas polas disposicións vixentes. (modelo anexo I)
  - No caso de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de licitadores do Ministerio de Economía e Competitividade, dos anteriores documentos só terá que aportar os que non figuren nos referidos rexistros, xunto coa declaración responsable.
  - Oferta económica de acordo co modelo adxunto, anexo II.
11. Documentación técnica da obra: memoria valorada e estudio básico de seguridade e saúde, que se xunta.
  12. Orzamento de licitación: 60.487,89 €, dos cales 7.981,59 €, corresponden ao IVE.
  13. Prazo de execución da obra: 30 días, contados a partir da sinatura da acta de comprobación do replanteo.
  14. Data prevista de inicio das obras: quince días como máximo, dende o día seguinte á notificación da adxudicación.
  15. Prazo de garantía: 1 ano
  16. Tempo e forma de aboamento: certificación única ao remate da obra.
  17. Criterios para a adxudicación: Para a elección do adxudicatario utilizarase un único criterio de selección que será o menor prezo respecto ao prezo de licitación, que incluírá o IVE, e que non poderá ser obxecto de modificación en ningún caso.
  18. Apertura de ofertas: Os sobres abriranse en sesión pública, nas oficinas da Concellería de Deportes do Concello de Vigo (10º andar), non antes do segundo día hábil posterior o remate do prazo de presentación de ofertas. A día e hora concreta, será comunicada con anterioridade no perfil do contratante da web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Serán rexeitadas automaticamente aquelas ofertas económicas que superen o prezo de licitación e as que unha vez calculada a media aritmética de todas as presentadas supoñan unha baixa superior o 10 % sobre o importe da mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital.  
O director deportivo-xefe Ud. Técnica

Asdo.: Rubén Peña Barceló.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2017 13:20

Páxina 2 de 4

Expediente 15925/333

Código de verificación: 2EE54-52E5C-ACADD-3B33A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Expte 15925-333

**Anexo I:**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dona ....., con D.N.I. .... con enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

**DECLARA:**

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal se presente mediante fotocopia simple declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara ..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
5. Que coñece as condicións administrativas, así como as características da memoria técnica que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
6. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte .....

Lugar, data, selo e sinatura



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2017 13:20

Páxina 3 de 4

Expediente 15925/333

Código de verificación: 2EE54-52E5C-ACADD-3B33A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Expte 15925-333

**Anexo II:**

**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA:**

D ....., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado da licitación para a contratación das obras de ..... Nº expte:..... manifesta:

1.- Que acepta e coñece as condición técnicas da memoria valorada que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Que propón como prezo sen IVE do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente ó IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2017 13:20

Páxina 4 de 4

Expediente 15925/333

Código de verificación: 2EE54-52E5C-ACADD-3B33A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>